

- Tratándose de concesións de aproveitamentos xa realizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais.

Artigo 7º.- Normas de xestión: Declaración e liquidación. Placas de sinalización.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, acompañando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do Concello.

2. Finalizada a actividade municipal, de concederse ditas reservas e/ou aproveitamentos, practicarase a liquidación correspondente pola taxa, que se notificará ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recaudación.

3. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres nos se presente a declaración da baixa polo interesado, que producira efectos no semestre seguinte procedéndose ao prorrateo da cota. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

4. As cantidades esixibles segundo as tarifas, liquidanse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

5. Se se deran diferencias, entre o solicitado e o aproveitado, previa comprobación técnica, notificaranse as mesmas aos interesados, para previa audiencia, conceder as autorizacións corrixidas as diferencias e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan ou, de selo caso, os ingresos complementarios que procedan.

6. Nos vados permanentes o Concello, previo pago polo interesado, facilitara ó usuario unha placa ou sinal homologado unha vez concedida a licencia correspondente. A falla de sinalización ou emprego da placa impedira ao interesado o aproveitamento.

Art. 8º.- Infraccións e sancións.

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

Disposición adicional primeira.

A taxa devengada pola realización do feito imponible e aplicación das tarifas resulta independente das que se poidan esixir por outros motivos ou debidas a outras autorizacións que se precisen.

Disposición adicional segunda.

As tarifas do artigo 5 poderán ser actualizadas anualmente segundo o I.P.C.

Disposición final.

A presente ordenanza deroga a aprobada sobre a mesma materia polo Pleno en sesión de 11 de novembro de 1998 (BOP nº 299, de 31/12/98), e entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da

Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meira, a 24 de maio de 2005.- O Sr. Alcalde-Presidente, Rosendo Folgueira Valle.

R. 02474

### Anuncio

De conformidade co artigo 17.3º do R.D. 2/2004, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 6 de abril de 2005, relativo á nova ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA, POLAS CONCESIÓNS DE NICHOS E TERREOS PARA PAVILLÓNS NO CEMITERIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIRA. Procédese a publicación do texto completo de dita ordeanza, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

ANEXO.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLAS CONCESIÓNS DE NICHOS E TERREOS PARA PAVILLÓNS NO CEMITERIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIRA.

Artigo 1. Fundamento.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as taxas polas concesións de nichos e terreos no cemiterio municipal na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 58 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Feito imponible.

1. O feito imponible o constitue a concesión de nichos construídos polo Concello no cemiterio municipal e a concesión de terreos para a construción de panteóns nos terreos acoutados, incluídas as concesións en caso de urxencia, así como a autorización de cambios de titularidade.

2. O tempo de concesión e polo tanto ocupación de nichos e panteóns entenderase por 75 anos improrrogables e irreducibles, agás o disposto para as concesións de urxencia, ou ata o momento de clausura do cemiterio si esto tivese lugar antes do transcurso deste período. Dito prazo é o límite máximo establecido polo artigo 93 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas 33/2003.

3. Caso de obter autorización polo Concello do cambio de titularidade, sexa intervivos ou mortis causa, o tempo de ocupación sera o que reste na concesión orixinal.

4. A concesión outorgada atribue a ocupación ou uso dos nichos e terreos de titularidade municipal, non a titularidade dos mesmos.

5. Esgotado o prazo de concesión, o titular da mesma terá dereito preferente a que se lles adxudique novamente a parcela, sen prexuízo das condicións que se podan determinar no caso das concesións de urxencia.

**Artigo 3.- Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas que soliciten a concesión en cuestión.

2. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte as persoas que resulten do expediente como titulares das concesións obtidas.

**Artigo 4.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o artigo 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5.- Exencións subxectivas.**

Estarán exentas as concesións outorgadas pola Alcaldía con ocasión dos enterramentos dos cadáveres dos pobres de solemnidade nos nichos acordados a tal fin.

**Artigo 6.- Cota tributaria.**

1. A cota tributaria é a seguinte segundo o feito imponible:

a) Concesión dun nicho rematado por 75 anos improrrogables: 704,42 euros.

b) Concesión de terreos para a construción de pavilións: 161,3 euros/m<sup>2</sup>.

c) Por cada cambio de titularidade solicitada e autorizada, de concesións sobre terreos ou nichos:

- 22,6 euros para terreos de pavilións.

- 22,6 euros no caso de que o particular quera facer o cambio do revestimento do nicho a súa costa, que será obrigatoriamente nas mesmas condicións que as orixinais, debendo solicitar licenza para elo, e pagar os tributos que correspondan.

- 112,6 euros incluíndo o revestimento preciso para o cambio de inscrición a cargo do Concello.

d) Concesión nichos por urxencia (por 75 anos improrrogables): 704,42 euros.

Neste caso, o concesionario poderá solicita-la devolución do importe ingresado, no seu día, en concepto de concesión administrativa de nicho de urxencia, na parte proporcional que corresponda aos anos que resten para a finalización da concesión, ata un máximo do 80% do importe total da taxa.

2. De comunicar o solicitante, por escrito e entrada no rexistro deste Concello, o desestimento con anterioridade ao outorgamento da licenza, se devengará unicamente como custo de tramitación o 1,6% do importe correspondente.

**Artigo 7.- Devengo da taxa.**

A obriga de contribuir nace no momento en que se inicia a tramitación encaminada á concesión dos nichos ou terreos, e autorización dos cambios de titular.

**Art. 8.- Liquidación e ingreso.**

Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a resolución ou acordo municipal correspondente, practícase a liquidación da taxa, que se notificará ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recaudación.

**Art. 9.- Infraccións e sancións.**

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

Disposición adicional: Normas aclaratorias das concesións.

1.- As concesións serán outorgadas por rigurosa orden de solicitude.

2.- No caso de caducidade da concesión de parcelas, os titulares poderán retirar delas os elementos que sexan removibles, e o resto quedará a disposición municipal. O Concello poderá cederllas ao novo concesionario nas condicións que previamente se establezan polo órgano municipal competente.

3.- A Alcaldía poderá acordar a concesión por urxencia unicamente no caso de falecemento dun veciño de Meira non titular de concesión algunha ou con sepultura totalmente ocupada en 5 anos, axeitadamente acreditado. A concesión por urxencia caducará ó termo do seu prazo de duración ou ben coa desaparición do obxecto da concesión, entendéndose como tal o traslado dos restos antes do cumprimento do prazo, en tal caso quedará o nicho a libre disposición do Concello.

4.- Estas normas rexerán ata a aprobación do regulamento do cemiterio ou da ordeanza reguladora das concesións no mesmo.

**Disposición transitoria.**

As concesións vixentes outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, e polo tanto por 99 anos, manterán a súa vixencia durante dito prazo, non sendo posible prórroga algunha, de conformidade co disposto na Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas.

**Disposición final.**

A presente ordenanza deroga a aprobada sobre a mesma materia polo Pleno en sesión de 11 de novembro de 1998 (BOP nº 299, de 31/12/98), entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meira, a 24 de maio de 2005.- O Sr. Alcalde-Presidente, Rosendo Folgueira Valle.

R. 02476

### SARRIA

Aprobados inicialmente pola Xunta de Goberno Local, en sesión realizada u once de maio do dous mil cinco o proxecto de "Instalación de conducción de abastecemento en C-535 para abastecemento de auga a Corbelle-San Antolín" e o prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexerá a contratación, mediante procedemento aberto e o sistema de concurso do referido proxecto, os mesmos expóñense ó público polo prazo de vinte días no caso do proxecto e oito días no caso do prego de cláusulas administrativas particulares, a efectos de exame e reclamacións, considerándose elevada a definitiva ditas aprobacións, no suposto de non se formularen obxeccións.

Asemade e de acordo co establecido no artigo 122.2 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, publícase o correspondente anuncio de licitación, o cal se suspenderá no suposto de se produciren reclamacións contra os documentos que se expoñen:

#### 1.- Entidade adxudicataria.

a) Organismo: Concello de Sarria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

- Obxecto do contrato: As obras comprendidas no proxecto de "INSTALACIÓN DE CONDUCCIÓN DE ABASTECIMIENTO EN C-535 PARA ABASTECIMIENTO DE AUGA A CORBELLE-SAN ANTOLÍN".

- Tipo de licitación: 120.000 euros, I.V.A. incluído.

- Prazo máximo de execución: Dous (2) meses.

#### 2.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: Uxente.

Procedemento: Aberto.

Forma: Concurso.

#### 3.- Garantías:

Definitiva: O 4% do prezo do contrato.

4.- Requisitos específicos do contratista: Clasificación: Categoría e), Grupo E), Subgrupo 1.

#### 5.- Obtención de documentación e información.

Entidade: Concello de Sarria.

Domicilio: Rúa Maior, 14.

Localidade e código postal: 27.600-SARRIA.

Teléfono: 982-53.50.00.

Fax: 982-53.09.16.

6.- Data límite de obtención de documentación e información: Ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

#### 7.- Presentación das ofertas.

Data límite de presentación de proposicións: Trece (13) días naturais, contados a partires do día seguinte á derradeira publicación da licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia.

Documentación que integrará as ofertas: A especificada nos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Sarria, rúa Maior, 14; 27.600-SARRIA.

8.- Apertura das ofertas: O terceiro día hábil seguinte ó da celebración do acto de calificación da documentación que se celebrará á súa vez o terceiro día hábil seguinte ó do remate do prazo de presentación de proposicións (agás que coincidise en sábado), ás trece trinta horas, na Casa do Concello, rúa Maior, 14.

9.- Gastos de anuncios: Correrán a cargo do contratista adxudicatario.

Sarria, 23 de maio de 2005.- O Alcalde, José Antonio García López.

R. 02461

## MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES

Tesorería General de la Seguridad Social

Dirección Provincial de Lugo

Servicio Técnico

El Jefe del Servicio Técnico de Notificaciones e Impugnacións, de acordo con lo dispuesto en el artículo 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 27/11/92), a los sujetos responsables del pago de deudas comprendidos en la relación, de documentos que se acompaña, epigrafiados de acuerdo con el Régimen de la Seguridad Social en el que se encuentran inscritos, ante la imposibilidad por ausencia, ignorado paradero o rehusado, de comunicarles las reclamaciones por descubiertos de cuotas a la Seguridad Social, emitidos contra ellos, se les hace saber que, en aplicación de lo previsto en el artículo 30.3 de la Ley General de la Seguridad Social, de 20 de junio de 1994 (B.O.E. 29/06/94), según la redacción dada al mismo por el artículo 5. seis de la Ley 52/2003, de disposiciones específicas en materia de Seguridad Social (B.O.E. 11/12/03), en los plazos indicados a continuación, desde la presente notificación, podrán acreditar ante la Administración correspondiente de la Seguridad Social, que han ingresado las